

AVOA DE ARRIBA E AVOA DE ABAIXO

Texto e ilustración TOMIE DEPAOLA

Tradución ÓSCAR E SANDRA SENRA GÓMEZ

Cartoné. 21,5 x 28 cm. 32 páx. 16,00 €

[Avoa de arriba e avoa de abaixo](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-149-9. Álbum ilustrado. Tras os montes.

[Abuela de arriba y abuela de abajo](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-150-5. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

[L'àvia de dalt i l'àvia de baix](#) (català)

ISBN 978-84-18558-43-6. Álbum il·lustrat. Clàssics contemporanis.

[Goiko amatxi eta beheko amatxi](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-269-4. Álbum irudidunak. Gaur egunko klasikoak.

[A Avó Lá de Cima e A Avó Lá de Baixo](#) (português)

ISBN 978-989-749-143-6. Álbum ilustrado. Livros para sonhar.

Cando Tomi era pequeno tiña unha avoa e unha bisavoa.

Quería moito ás dúas.

Todos os domingos pola tarde el e a súa familia ían visitalas.

A súa avoa sempre estaba a traballar na cociña de ferro.

A súa bisavoa sempre estaba arriba, na cama,



porque tiña noventa e catro anos.

Publicado por vez primeira en 1973, este álbum foi o primeiro que Tomie dePaola dedicou aos seus recordos infantís.

Trátase dun relato autobiográfico de carácter interxeracional que nos achega a cuestións fundamentais da vida como o agarimo, a familia, a perda dos seres queridos, etc.

Nesta historia chea de tenrura preséntase a noción do paso do tempo dende dous planos, o cotián e o existencial, e introdúcese consecuentemente o tema da vellez: ese misterio que só se resolve cos anos. Pola súa parte, o protagonista enfróntase a un proceso de dó, unha experiencia que o axudará a medrar e que todo o mundo ha vivir antes ou despois.

Cunha ilustración figurativa caracterizada polas cores suaves e os encadramentos frontais, o autor evoca unha atmosfera cargada de nostalgia e de afecto nun conto que se converteu nun clásico da literatura infantil.



■ **Temática:** a familia, avoas e bisavoas, afectos, a memoria, o paso do tempo, a morte dos seres queridos.

■ **Idade recomendada:** a partir dos 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** a vellez, o proceso de dó, do autor de "Oliver Button é unha nena".

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/avoa-de-arriba-g>

Tomie dePaola

(Meriden, Connecticut, 1934 –Lebanon, New Hampshire, 2020)

Graduado en Belas Artes no Instituto Pratt de Brooklyn, ampliou a súa formación académica en California e San Francisco. Durante case dúas décadas traballou como profesor de arte en varios colexios, até que a finais dos anos 70 se retirou da docencia para dedicarse a escribir e ilustrar libros. Dende a súa primeira publicación como ilustrador en 1965, suma máis de 260 obras para público infantil. Entre os recoñecementos que recibiu destacan as medallas Caldecott 1976 e Newbery 2000, os premios Golden Kite 1983 e 1987, Jeremiah Ludington Memorial 2000, Children's Literature Legacy 2011 e a candidatura ao premio Hans Christian Andersen 1990.

<https://www.tomie.com>.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com